CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO ESTUDO E DA INVESTIGACIÓN DAS CIENCIAS MÉDICAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, formalizou o día 22.09.2026 coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"instrumentar a subvención prevista nominativamente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, a favor da RAMCG, co fin de financiar as actuacións que esta realice para contribuír ao estudo e á investigación das ciencias médicas, a través de accións e actividades científicas que ten recoñecidas nos seus estatutos e que leva a cabo en beneficio do interese xeral "*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

*"**II.** Que no capítulo IV do estado de gastos dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026 figura recollida unha subvención nominativa a favor da RAMCG por un importe trinta mil € (30.000 €) con cargo á partida orzamentaria 1201.411A.481.0, proxecto 201500444.*

***III.-** Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. "*

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (26/10/2026 17:47 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-6615a4c6-6042-41d5-942a-a7130ea6b235

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 542 712
gabinete.sanidade@sergas.gal
www.sergas.gal

IV.- *A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten como funcións principais: contribuír ao estudo e investigación das ciencias médicas e das ciencias afíns, promover o estudo das patoloxías na súa referencia médico-xeográfica galega, asesorar ás autoridades autonómicas en cuestións sanitarias, emitir os informes sobre medicina forense e saúde laboral que sexan solicitados polas autoridades, informar a cantos investigadores o requiran sobre cuestións sanitarias, científicas e bibliográficas, e conservar, actualizar e incrementar o seu patrimonio bibliográfico para favorecer a investigación e as relacións institucionais.*

V.- *Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no dito Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que no seu artigo 7 establece que as Academias de Galicia, ademais das funcións previstas nos seus estatutos, terán a consideración de órganos asesores da Xunta de Galicia, nos termos previstos nos seus estatutos e na normativa vixente en cada materia."*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (26/10/2026 17:47 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-6615a4c6-6042-41d5-942a-a7130ea6b235